



As vítimas, os nomes,
as voces e os lugares
Proxecto interuniversitario



DEPARTAMENTO DE HISTORIA
CONTEMPORÁNEA E DE AMÉRICA

GUIÓN DAS CUESTIÓNS FORMULADAS EN CADA MESA AOS PARTICIPANTES

Mesa 1: O pasado incómodo no estado español: guerra, persecución, reconciliación.

Seguen abertas as feridas da guerra civil? Por que? Cales son? Quen defende hoxe o discurso do franquismo sobre a guerra, existe un franquismo sociolóxico cunha memoria franquista da guerra? E un antifranquismo sociolóxico cunha memoria antifranquista da guerra? A confrontación de memorias baséase na confrontación de historias militantes?

«Amnistía», decisión de «echar al olvido» aspectos traumáticos de la guerra civil y la represión y la ausencia de «políticas de reparación» ¿favoreceron o modelo de transición pacífica do Estado español ou non existe relación entre estes elementos? ¿Ten sentido, na actualidade, continuar nesa liña aducindo o perigo de xerar novas divisións?

Se o modelo de reconciliación da transición estivo baseado no olvido, derivado da lección de superar a guerra como método de confrontación (P. Aguilar) Debe/pode construírse outro modelo de reconciliación? baseado no coñecemento histórico? No momento presente é necesaria unha nova historia para ese novo modelo de reconciliación? A construción dun novo coñecemento sobre o pasado incómodo sobre novas fontes, plantexamentos e interpretacións, pode aliviar a aparente ignorancia na que se basea a idea sobre ese pasado.

É posible acadar unha memoria compartida da guerra para favorecer esoutro modelo de reconciliación ou temos que asumir pluralmente na democracia actual as diferentes memorias: franquistas-republicanos e a pluralidade de memorias internas dos dous bandos da guerra? Tomadas en bloque, ambas as dúas memorias franquista - republicana son incompatibles coa democracia ou son as dúas compatibles? Incorporar a pluralidade de memorias inclúe tamén incorporar á democracia a memoria do fascismo-falanxismo?

A consideración xurídica do pasado é diferente da consideración historiográfica. O empeño en levar a xuízo aos protagonistas do pasado non reflicte un problema co tratamento histórico dese pasado?

Diferentes tratamentos da documentación da guerra e o franquismo: descoido e olvido, destrución ou conservación... A que obedecen? E que reflicten?

Mesa 2: O pasado incómodo en Europa: guerra, persecución, reconciliación. Tratamento histórico-comparativo.

Hai un estándar da "memoria antifascista europea" despois de 1945?

En que medida ese estándar, de habelo, viuse alterado pola caída do muro despois de 1989?

Cal é a relación entre as memorias do "totalitarismo" soviético e do bloque do Leste e dos diversos "totalitarismos" fascistas ou autoritarios de dereita?

Os cadáveres do armario: Experiencias coloniais e memoria europea. Temos que ir cara a unha efectiva "transnacionalización" da memoria que vaia máis aló das fronteiras europeas?

Que se podería aprender, no contexto español, das experiencias das políticas da memoria noutros Estados europeos?

E no mesmo sentido que se podería aprender dos procesos de reconciliación?



As vítimas, os nomes,
as voces e os lugares
Proxecto interuniversitario



DEPARTAMENTO DE HISTORIA
CONTEMPORÁNEA E DE AMÉRICA

Mesa 3: O pasado incómodo en Latinoamérica: conflito, persecución, reconciliación. Tratamento histórico-comparativo

En que estado memorial se atopa cada un dos países obxecto de estudo por cada un deles?

Como inflúe na axenda política e social actual?

Que evolución cabe agardar no futuro tanto no peso desas cuestións nas mencionadas axendas, coma no avance do coñecemento e xustiza (se cómpre) deses pasados incómodos?

Por último, e dado o espazo desde o que se presenta este Coloquio, será de interese unha breve reflexión relativa ao peso da academia en cada un dos países á hora de coñecer e abranguer os seus pasados incómodos: cando e como se incorpora?, en que cuestión ou cuestións centrou o seu interese?, e que aportou ao debate público sobre o tema?

Mesa 4: Xenocidio, xustiza transicional e reparación xurídica: reconciliación e esquecemento

Xenocidio e terrorismo de Estado en España.

A problemática da declaración de nulidade dos xuízos del franquismo.

A Xustiza como motor da investigación da represión: lindes e posibilidades

A relación entre as «transicións pacíficas» e as «políticas de non reparación». Vixencia actual no Estado español.

A persistencia ou non dun modelo de impunidade en España respecto aos crimes perpetrados desde o Estado e aos cometidos por outros actores dos dous bandos enfrontados.

Mesa 5: A recuperación cívica das memorias. O pasado oculto desde a sociedade

Por que arrinca o proceso social de recuperación cívica das memorias?

Cando e con que obxectivos? A que atribúen o retraso na aparición de colectivos de memoria con respecto á transición?

Que iniciativas desenvolven: de coñecemento e investigación, memorialísticas e conmemorativas, xurídicas, de apoio ás vítimas e aos seus familiares? Como se conxugan os diferentes intereses presentes no movemento de recuperación da memoria?

Desde a súa experiencia, como entenden as asociacións o tema da reconciliación? Como abranguen a relación entre unha pluralidade de memorias? Como se enfrontan a problemas como a mitificación e o uso manipulador da memoria?

Que proporían para un recoñecemento efectivo das vítimas? Cales serían as medidas ou logros que cumprirían as súas aspiracións?



Mesa 6: Memoria e arquivos

Exposición por parte de cada un dos integrantes da mesa das características, obxectivos e resultados da actividade nos arquivos dos que son responsábeis.

Potencialidades/ limitacións da arquivística:

- a. Parecer sobre a posibilidade de crear un metaíndice de todos os arquivos dunha área para buscas temáticas (o do Ministerio de Cultura é insuficiente).
- b. A que se deben os leves avances na dixitalización da documentación dos arquivos? Non debería ser algo prioritario?
- c. Que posibilidades habería de crear un repertorio legal claro e sistemático sobre a consulta e utilización da información de arquivos?
- d. Ás veces semella que depende do criterio persoal do responsábel do arquivo. Non debería haber unha normativa europea común ao respecto e un índice relacional?
- e. A aplicación da normativa pola que se rexen os arquivos de titulariedade privada con financiamento público permite que algúns convertan o acceso aos mesmos en algo discrecional, que opinades ao respecto?

Sen cuestionar a lexitimidade da iniciativa do xuíz Garzón, nin entrar en asuntos *sub iudice* neste intre, cal é a vosa opinión sobre a súa estratexia para compilar información arquivística sobre as vítimas da represión franquista. Parécetvos correcto que se lles encomendara aos funcionarios dos xulgados?

Mesa 7: Construindo o pasado. A investigación do pasado incómodo

Todos os participantes -A. Cenarro, J. Chaves, A. Caunedo e José Antonio Pérez- fixeron un percorrido investigador que os fixo transitar desde as fontes escritas ás fontes orais (historias de vida, etc...), polo que na súa intervención se podería pedir que reflexionaran sobre os problemas que xorden en relación coa obxectividade e a subxectividade á hora de emprenderen a construción dun pasado incómodo.

Tamén a historia das mulleres xulgo un rol importante nos seus traballos polo que reflexionar sobre os lindes, posibilidades e os avances realizados nesta dirección, tamén podería ter interese, especialmente agora que estamos de cheo na polémica que ao respecto se desatou en Andalucía.

Ter catro visións acreditadas sobre as relacións entre obxectividade e subxectividade e sobre memoria e historia en feminino, a partir de fontes orais e escritas e a partir da experiencia persoal de catro persoas que traballaron en espazos distintos - País Vasco, Asturias, Estremadura e Aragón-, permitiría contrastes e comparacións penso que suxerintes.

Mesa 8: Construindo o pasado. Investigación e políticas públicas da memoria

Realmente as políticas públicas de memoria constrúen consensos respecto do pasado e permiten avanzar na superación das culturas autoritarias?

Cales son os camiños para que os resultados do esforzo investigador cheguen sen perder o seu valor ao grande público? Hai riscos de saturación nos discursos sobre a memoria?

Hai interferencias nas relacións entre o plano da investigación e o dos obxectivos políticos das institucións?